

FAB O MONSTRO AMARELO

Texto e ilustracións de **CARME SOLÉ VENDRELL**

Tradución de **ALBERTO SOTELO**

Encadernado en cartóné. 21,5 x 28,5 cm. 28 páx. 16 €

Fab. O monstro amarelo (galego)

ISBN 978-84-1343-174-1. Álbum ilustrado. Maremar.

Fab. El monstruo amarillo (castelán)

ISBN 978-84-1343-175-8. Álbum ilustrado. Clásicos contemporáneos.

Fab. El monstre groc (català)

ISBN 978-84-18558-54-2. Álbum ilustrado: Obres d'autor.

Fab. O monstro amarelo (portugués)

ISBN 978-989-749-162-7. Álbum ilustrado. Clásicos contemporáneos.

Fab. Il mostro giallo (italiano)


ISBN 978-84-1343-156-7. Albo illustrato. Classici moderni.

Aquela mañá, Fab, o monstro amarelo, ergueuse cunha dor de cabeza terrible. Por máis voltas que lle daba non comprendía por que lle doía...

Nin lavando a cara, nin facendo exercicio, nin poñéndose á sombra, nin tampouco outros remedios -cada cal máis insólito e mesmo divertido- logran curarlle a dor de cabeza a Fab. Entrañable e algo despistado, o monstro amarelo que protagoniza este clásico de Carme Solé demostra ser bondadoso e solidario cando descobre que un amigo está nun apuro; as súas preocupacións desaparecen para axudar a resolver urxencias maiores.

«Fab» tamén é unha homenaxe a outros personaxes monstruosos de David McKee. Figuras que tradicionalmente suscitarían rexeitamento por seren estrañas ou diferentes, neste caso son protagonistas de historias inspiradoras e cheas de humor.

Como noutras obras de Carme Solé, destaca a sinxeleza do debuxo, con figuras de contornos ben definidos, escenas luminosas, contraste de cores e trazos marcados. A sucesión de accións e estados de ánimo redonda no dinamismo e a expresividade das imaxes.



- **Temática:** a amizade supérao todo.
- **Idade recomendada:** a partir de 3 anos.
- **Aspectos destacables:** emocións; amizade, cooperación; superación da enfermidade; busca de solucións ante as adversidades; humor; da autora de «[A lúa de Xoán](#)» e ilustradora de «[Cepillo](#)» (KALANDRAKA).

■ **Avance do libro:**

<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/fab-o-monstro-amarelo-g>

Carme Solé Vendrell

(Barcelona, 1944)

Estudou pintura na Escola Massana de Barcelona. Editou o seu primeiro libro en 1968 e, dende entón, ilustrou máis de 700 títulos, entre álbums e libros de texto, publicados en numerosos países. Entre as súas exposicións destacan as antolóxicas en Taiwán (1997) e Barcelona (2001). Colabora con revistas infantís e realiza traballos de escenografía, dramaturxia, cartelismo e animación. Impartiu cursos de ilustración e conferencias en Europa, América e Asia. É socia fundadora da Asociación Profesional de Ilustradores de Cataluña. Entre os galardóns que recibiu resaltan: Janusz Korczak 1979, Premio Nacional de Ilustración 1979, Catalònia 1984, Critici in Erba 1992, Octogone la Fonte 1992, Creu de Sant Jordi 2006, Premio Nacional de Cultura/Cómic 2012, Premio Nacional de Ilustración 2013 polo conxunto da súa obra. Dende 1992 compaxina a ilustración e a pintura. En 2014 impulsou a campaña «Why?» sobre os dereitos da infancia.

<http://www.carmesolevendrell.com>

www.**Kalandraka**.com

comunicacion@kalandraka.com